



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 5 DE AGOSTO DE 2011.

ALCALDE

D: Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIRO/AS:

PSdeG-PSOE:

D. Antonio Quindimil García.
D. Gervasio Sánchez Barreiro.
D Iván Méndez García
D^a Pilar Sánchez Ulloa.
D. José Fernando García Lesta.
D^a María Amparo García Pernas.
D José María Tojo Espiñeira.

PP:

D. Severino Álvarez Monteserín.
D^a María José Quindimil Suárez.

BNG:

D José Manuel Raposo López

SECRETARIO :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 5 de agosto de 2011, sendo as catorce horas, na sala de sesións da Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Corporación Municipal.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Pásase a continuación a tratelos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

Abre a sesión o Sr. Alcalde preguntando se por parte dos concelleiros se quere facer algunha aclaración dos borradores das actas correspondente ás sesións sinaladas no epígrafe.

Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación do acordo, adoptándose por unanimidade dos membros presentes.

2. FIXACIÓN FESTIVOS LOCAIS.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía, tendo en conta o escrito do Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar onde se nos require para formular proposta aprobada polo Pleno da Corporación na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste Concello para o ano 2012.

Propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Primeiro.- Propoñer como días festivos locais para o ano 2012, o día 21 de febreiro, martes de Entroido; e o mércores 13 de xuño, Santo Antón.

Segundo.- Darlle traslado do presente acordo ao Departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar.

MESÍA, 1 de agosto de 2011. O alcalde, Mariano Iglesias Castro”

O Sr.Alcalde dálle a palabra ó Sr. Raposo, quen manifesta que o día de San Antonio non ten maior influencia que sexa ou non festivo, polo que eu propoño o vintecatro de xuño, xa que aféctanos máis a todos, é o día de San Xoán, hai churrascadas en todas as aldeas e as noites prolóngase un pouco máis. Resposta o Sr. Alcalde que terase en conta a súa prposta para o vindeiro ano, pero este ano imos deixar a proposta tal como está.

Non habendo máis intervencións, sométese a proposta a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

3. DAR CONTA DO DECRETO Nº 197/2011 DE ALCALDÍA RELATIVO Á SOLICITUDE FORMULADA Á XUNTA DE GALICIA DAS SUBVENCÍONS DESTINADAS AO COFINANCIAMENTO DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS POLAS CORPORACÍONS LOCAIS PARA OA ANO 2011.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía,

Vista a Orde do 3 de marzo de 2011 pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas Corporacións Locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2011.

Visto que no artigo 11.1.a) da dita Orde esíxese dar conta ao pleno do contido da solicitude da subvención, solicitude que se fixo por Decreto de Alcaldía núm. 197/2011 do 29.04.2011, é polo que, de seguido, se da conta do seu contido mediante a súa transcripción literal:

“MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía (A Coruña), en virtude das facultades que me confiren os artigos 21.1 s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 61.1 s) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

A vista da Orde do 3 de marzo de 2011 pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2011 (publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 62 do día 29.03.2011).

Sobre a base do previsto no artigo 9 e 11, e tendo en conta a memoria presentada polo persoal técnico dos Servizos Sociais, relativos aos diferentes programas que se levan a cabo no seu departamento (Información, orientación e asesoramento, atención no fogar, educación familiar e outras actividades, etc).

RESOLVÍN

Primeiro.- Aprobar a memoria que se achega coa solicitude.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Segundo.- Solicitar unha axuda por importe de 283.881,11 € (dous centos oitenta e tres mil oitocentos oitenta e un euros con once céntimos), destinada ao mantemento e desenvolvemento dos servizos sociais de atención primaria para o ano 2011, co fin de garantir a continuidade dos programas e servizos sociais que se seguen a prestar nas mesmas condicións do ano 2010, segundo o seguinte detalle:

- *Persoal: 37.146,15 €*
- *Mantemento: 2.000,00 €*
- *Axuda no fogar: 240.734,96 €*
 - o *Modalidade de prestación básica do Plan Concertado: 30.734,96 €*
 - o *Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 210.000,00 €*
- *Xestión de programas: 4.000,00 €*

Terceiro.- Cofinanciar o mantemento e desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos na dita solicitude na contía de 177.952,43 €, contía que supón unha porcentaxe do 39% sobre o orzamento total da memoria presentada.

Cuarto.- De acordo co previsto no artigo 11, apartado 1.a), dar conta ao Pleno da Corporación Local, na próxima sesión que celebre, do contido deste Decreto."

Mesía, 2 de agosto de 2011 Asdo./Mariano Iglesias Castro"

O Sr.Alcalde sinala que a Orde que regula esta subvención esixe expresamente que se de conta ó Pleno da correspondente solicitude. O importe solicitado está distribuído nos conceptos que se indican na propia solicitude e o concello e a deputación aportan en torno ós cento setenta e sete mil euros. O pasado ano deron o oitenta por cento do solicitado, e este ano aínda estamos á espera. Destacar tamén que o concello ten que aportar como mínimo o seis por cento e nós triplicamos esa porcentaxe.

Paso a palabra ós portavoces dos grupos para que manifesten o que estimen oportuno.

Toma a palabra o Sr. Raposo, quen pregunta qué pasa coa Lei de dependencia e a súa aplicación en Mesía, xa que hai xente á que aínda non se lle fixo efectiva a contía económica que lle corresponde.

Resposta o Sr. Alcalde que na aplicación da lei de dependencia hai varias modalidades, xa que pode ser unha axuda económica pero pode ser tamén a asistencia en forma de crédito horario. En todo caso ten que haber unha resolución da Xunta de Galicia, denominada PIA, Plan Individual de Atención, que é o que, de ser ése o caso, fai efectivo que se lle de a contía correspondente á persoa afectada, pero outra cosa é a dispoñibilidade orzamentaria da Xunta de Galicia, que é a que paga. Nadie con PIA, no que corresponde ó Concello, non ten atención. É máis, en algunhas ocasións, o concello puxo axuda de dependencia a xente necesitada sen PIA, algo que non tiñamos a obriga de facer ata que chegara a resolución firme da Xunta.

Pide a palabra a Sra. Sánchez, quen manifesta que ás veces a xente confúndese, pero o que pasa é que coa PIA elixes prestación de horas ou contía económica, polo que ós que elixeron a prestación económica nós non lle prestamos o servizo.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Os concelleiros quedan enterados do contido do decreto.

4. MOCIÓNS.

Pregunta o Sr. Alcalde se algún grupo quere, pola vía de urxencia, presentar algunha moción. Non manifestándose nada ó respecto, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

5. DAR CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA (142/2011 a 359/2011).

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

Pide a palabra o Sr. Raposo quen pregunta o número e nome das persoas contratadas nos decretos 300, 301, 302, 346,e 353 relativos a persoal.

O Sr. Alcalde resposta que no decreto 300 contrátase a Don José Angel Argerey Modia, Don José Angel Ferreño Mato, Don Manuel José González Sanjurjo, Don Marcos Sánchez Fernández, Don Fernando Sánchez Miranda e Don Raimundo Vilariño Cruz, no 301 a Don José Sánchez Garaboa e Don José Manuel Suárez Sánchez, no 302 a Don Pablo Ferreño, os admitidos do decreto 346 son Carro Francos Gómez, David, García Seoane, Beatriz, García Suárez, María José, Grobas Cernadas, Jesús, Pardo Lagos, Jesús, Regueiro Suárez, Josefa, Sánchez Míguez, María Jesús, Vázquez Bugallo, María Teresa e Vilariño Bra, Arturo, e o nomeado no 353 é Don David Francos Gómez.

Manifesta de seguido o Sr. Alcalde que darlle todos estes nomes non é a miña obriga, o que debe facer vostede se quere saber isto é pasar por secretaría e consultar o correspondente decreto.

6. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DENDE O 24 DE MARZO DE 2011 ATA O 24 DE XUÑO DE 2011.

Manifesta o Sr. Raposo que, referido á acta do vintecinco de abril deberían respetarse os topónimos orixinais dos lugares, como Vilamaior en vez de Villamayor e Igrexa en vez de Iglesia.

Pregunta o Sr. Álvarez polo recurso contencioso – administrativo no tema de Audasa, dándolle a palabra o Sr. Alcalde ó Sr. Secretario, quen manifesta que é un acordo que se adopa a instancias da propia deputación, que remite ós concellos afectados da provincia o acordo tipo co obxecto de encomendar ós servicios xurídicos da deputación a defensa do concello na reclamación das cantidades deixadas de percibir como consecuencia da bonificación aplicada nas cotas do Imposto sobre Bens Inmóbles.

7. ROGOS E PREGUNTAS.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

O Sr. Alcalde cede a palabra ó Sr. Raposo, quen formula as seguintes cuestións:

- En relación coa depuradora de Xanceda, si se estudiou a posibilidade de facer unha máis ecolóxica.
- Qué pasa co centro de día.
- Na Estrada de Lanzá a Castro houbo unha redución de farois, ¿porqué? ¿a dónde se levaron?
- Celebrouse no concello o primeiro día da vaca, ¿porqué non asistiu un representante do concello?
- ¿Ten pensado substituír as farolas de Xanceda por outras de menos consumo e menos agresivas co medio?

Resposta o Sr. Alcalde, en relación coa depuradora, fíxose o correspondente proxecto con dúas premisas, a económica e a funcional, en relación co número de habitantes afectados. A que se instalou foi a que se nos recomendou, cónstame a existencia das de humedales, aunque teñen problemas coa limpeza manual, pero o noventa por cento das que se instalan son como a nosa.

En canto ó centro de día o concello fixo todo o que tiña que facer, cumprimentando todos os trámites administrativos pertinentes, pero a Xunta di que hai problemas de dispoñibilidade orzamentaria. Eu máis ben coido que falta vontade política.

A estrada Lanzá- Castro é unha vía provincial, e as obras que se acometen son da deputación, que foi a que redactou o proxecto, executou as obras e ordeou os cambios, polo que si se retiraron a metade será porque se lle facían moitos, pero o concello nin mandou poñer nin mandou quitar.

En canto o día da vaca é potestade nosa decidir a qué eventos acudir, e non por ir se defende máis ou menos á vaca, que hai moitos xeitos de defendela. O caso é que a vostede nadie lle impideu ir na súa condición de concelleiro.

En canto ás farolas, sinalar que hai unha subvemción da Xunta para facer unha obra a este efecto, así que imos ver qué nos dan para tratar de facer algo neste senso, porque ten un elevado coste e é imposible facela con medios propios.

De seguido, o Sr. Alcalde cede a palabra ó Sr. Álvarez, quen manifesta que, en primeiro lugar quere facer dos rogos.

Por unha banda, fixéronme chegar veciños que teñen camións queixas por razón das copas dos árbores na estrada Xanceda- As Travesas. Eu xa lle trasladei a queixa ó Xefe territorial de Infraestructuras e Medio Rural, pero quero tamén trasladala a vostede.

Por outra banda, e así o farei ata que remate a lexislatura, solicitaríalle ó Sr. Alcalde incluír algún membro da oposición na Xunta de Goberno, que xa sabe que non sería ningún atranco para a boa administración.

Por último quero felicitar de xeito oficial, no meu nome, da miña compañeira e do meu grupo, ó Sr Alcalde pola súa condición de deputado provincial, xa que dende o punto de vista institucional, é un orgullo ter un representante do concello nesas instancias, e no ámbito persoal quería tamén felicitarlle a vostede e á súa familia, que son os que verdadeiramente se congratulan e os que están sempre ó lado.

Manifesta o Sr. Alcalde que moitísimas gracias pola súa caballerosidade e a do seu grupo dende que eu son Alcalde. En canto ó da Xunta de Goberno, vostede pide, eu



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

analizo e vaiamos indo así lexislatura. En canto ás polas, sei que hai ese problema e imos arranxando nas vías municipais, pero o luns mesmo mandarei un escrito ó Xefe Territorial porque outras veces xa se atendeu tamén.

E reitero que moitísimas gracias pola súa felicitación, e gustaríame que fora un motivo de satisfacción tamén para o Sr. Raposo, quen neste intre felicita ó Sr. Alcalde, quen o agradece.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde - Presidente, sendo as dúas horas trinta minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.

Visto e Prace,
O alcalde,